

PRESENTACIÓN**PRESENTATION**

LUIS M. VARELA CABO / CARLOS J. RICOY RIEGO
Universidade de Santiago de Compostela

A cuestión da natureza de ciencia social da economía e das súas relacións coas ciencias experimentais foi longa e amplamente debatida. Este bloque temático da *Revista Galega de Economía* pretende ser unha achega a ese debate. Para iso solicitamos a contribución de expertos en diferentes campos que abarcan desde a filosofía da ciencia á propia economía, pasando pola física. Na actualidade, as ciencias experimentais adoptaron, tras unha evolución máis ou menos longa en cada caso, o paradigma da complexidade como ámbito problemático no que desenvolver explicacións para fenómenos nos que as relacións entre as partes dan lugar á emerxencia de propiedades colectivas non presentes en cada unha daquelas por separado, e como estes sistemas se estruturan e se relacionan coa súa contorna. Así, estudos que se poden enmarcar en sentido amplo na denominada ciencia da complexidade ou teoría de sistemas complexos desenvólvense de maneira cada vez máis frecuente en física, química, bioloxía, electrónica, teoría de sistemas ou intelixencia artificial. Aínda que podemos identificar na afirmación de Adam Smith de que o mercado é un sistema autoorganizado –orde emerxente a partir dunha “man invisible”– un dos primeiros recoñecementos da complexidade da economía, a ciencia económica permanece hoxe na órbita do paradigma reduccionista ao que se adscribiu a finais do século XIX, e que constitúe o *core* do modelo de equilibrio xeral. É, por iso, pertinente que cuestionemos neste bloque temático a conveniencia e a oportunidade de que a economía realice o seu particular éxodo cara á complexidade.

O bloque temático deste número ábrese coa contribución de Wenceslao J. González na que, dentro do contexto da análise filosófico-metodolóxica, analiza cuestións centrais da economía, incluído o seu propio estatuto científico, segundo os criterios epistemolóxicos e metodolóxicos dominantes no novo horizonte da complexidade.

A continuación, na contribución de Jesús Carrete preséntase un percorrido pola historia da física, disciplina modelo para as ciencias experimentais, e que foi tomada como referencia pola economía para desenvolverse como o canon das ciencias sociais cuantitativas. Analiza este autor o camiño percorrido pola disciplina desde o momento orixinario da preocupación polo pensamento científico ata a data, na que os modelos e métodos reduccionistas que tradicionalmente veu utilizando a física están sendo xeneralizados para permitir o tratamento dos sistemas complexos que, cada vez con maior frecuencia, centran a súa atención.

O seguinte traballo débese a Luis M. Varela e a Carlos J. Ricoy, e nel reflexionan sobre o estancamento que os métodos da economía tradicional neoclásica sufriron desde que xorden a finais do século XIX no marco conceptual e formal da física clásica. En particular, estúdanse os trazos principais que dotan á economía do carácter de sistema complexo autoadaptativo, e alértase sobre a escasa recepción que tiveron os métodos contemporáneos da física de sistemas complexos na disciplina, o que aconsella, a xuízo dos autores, a superación do formalismo neoclásico de equilibrio xeral. En particular, trátase a aplicación da termodinámica á economía que se fixo desde os anos sesenta do pasado século, e a ausencia de conceptos de termodinámica non lineal no *mainstream* económico, sendo como é esta rama da física central para a comprensión dos sistemas complexos e da súa capacidade de emerxencia autoorganizada.

A forma en que a complexidade penetrou no pensamento económico durante os últimos tempos é obxecto de atención na contribución de Blanca Miedes. A autora desenvolve aspectos centrais do paradigma da complexidade apuntados nas contribucións anteriores, como a emerxencia da orde e organización a partir do ruído, das fluctuacións –algo que unicamente pode entenderse adecuadamente no marco termodinámico– ou do caos. Isto leva á presentación da ciencia *cyborg* como novo paradigma de ciencia interdisciplinar, analizando o seu impacto tanto na economía convencional –novos conceptos de equilibrio económico ou de racionalidade, novas técnicas matemáticas– como nas correntes heterodoxas do estruturalismo e do institucionalismo evolutivo, considerando en último lugar a reflexividade como ámbito problemático con frecuencia pouco considerado, malia a súa importancia central no novo paradigma da complexidade.

Finalmente, a achega de Carlo Panico aborda o concepto de racionalidade na teoría económica, aspecto definitorio da actuación humana e, polo tanto, esencial para comprender a constitución da economía nun sistema complexo autoorganizado e evolutivo. Abórdase nesta contribución o percorrido do concepto desde os economistas clásicos e neoclásicos ata os enfoques contemporáneos de racionalidade limitada, economía experimental, do comportamento ou a neuroeconomía, profundando en temas clave como a aceptabilidade do concepto de utilidade ou a necesidade de considerar o papel das interaccións sociais (en rede) e a posibilidade de que o comportamento económico colectivo non sexa a simple suma de comportamentos individuais.

Só nos resta agradecerlles aos autores as súas contribucións e as súas discusións enriquecedoras para nós, e desexarlle ao lector una lectura agradable e proveitosa, ademais de agradecerlle ao codirector da *Revista Galega de Economía*, o profesor Fausto Dopico, o encargo realizado, que nos deu a oportunidade de afondar nun tema fascinante como é a sempre controvertida natureza da economía e os seus métodos. Agradecemoslle tamén a M^a Elena Lancho o seu traballo de edición nestas contribucións.